



CONCELLO DE NARÓN

Reunidos na Casa do Concello, o día 5 de agosto de 2016, ás 13,00 horas, constitúese a mesa de contratación para a adxudicación do contrato denominado "Mantemento, conservación e reparación das áreas de xogos infantís e biosaludables" formada por D. José Manuel Blanco Suárez (Alcalde), que actuará como presidente; D. Alfonso de Prado Fernández-Canteli (Secretario da Corporación); Dna. Pilar Canzobre Méndez (Interventora da Corporación); D. Francisco García Gato (Xefe Servizos Externos); D. José Ibán Santalla Borreiros (concelleiro delegado para asuntos de servizos), que actuarán como Vogais, e por último D. Ignacio Mazaira Garro, que actúa como Secretario da Mesa.

A mesa antes de proceder a abrir en acto público os sobres "B", correspondentes a oferta técnica, procede a apertura dos sobres "A" que conteñen as declaracións responsables da súa capacidade para contratar coa Administración, admitindo a todas as empresas que presentaron oferta para esta licitación.

Jardinería Arce S.L.
Jardincelas S.L.
Eulen S.A.

Ás 13 horas e cinco minutos, aos efectos do disposto no artigo 27 do R.D.L. 817/2009 de 8 de maio polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007 de 30 de outubro, de contratos do sector público e cláusula 11.2 do prego de condicións administrativas particulares que rexe este contrato, procedeuse, pola presidencia e en acto público, á apertura dos sobres "B" Documentación técnica para a valoración dos criterios de adxudicación que dependen dun xuízo de valor, presentados polas empresas:

Jardinería Arce S.L.
Jardincelas S.L.
Eulen S.A.

Estas propostas remitiranse aos servizos técnicos municipais para o seu informe, unha vez redactado este, a Mesa volverá a reunirse para proceder á valoración dos criterios técnicos, en cumprimento do artigo 25 do Regulamento da Lei 30/2007 de contratos do sector público.



CONCELLO DE NARÓN

Non tendo máis asuntos que tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as trece horas e dez minutos da data indicada no encabezamento, redactándose a presente Acta, de cuxo contido eu o Secretario dou fe, asinando comigo os membros da mesa.

Three handwritten signatures in blue ink, written in a cursive style, positioned below the text.